XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1°.- Que con data 14 de febreiro de 1997 os veciños de Prado (Muiños), solicitan a transformación da parte que lles afecta, dos consorcios "Lavagudo e Abilleira" OR-2089 e OR-3125; e "Penedo Redondo" OR-3126.

O acordo de solicitar dita transformación foi tomado pola asemblea de comuneros con data 7 de febreiro de 1997.

2°.- Que o consorcio "Lavagudo e Abilleira" OR-2089 foi realizado a través da Deputación o ano 1955, estando incluídas en dito consorcio 137,5 Ha., pertencentes os veciños de Prado.

Os consorcios "Lavagudo e Abilleira" OR-3125 e "Penedo Redondo" OR-3126 se realizaron directamente polo Patrimonio Forestal do Estado no ano 1965, estando incluídos en ditos consorcios 137 Ha (OR-3125) e 79 Ha (OR-3126) pertencentes ós veciños de Prado.

Que o monte "Lavagudo e Abilleira, Lamela, Iglesia Vella, Ribela e Arnadiño" foi clasificado como veciñal en man común con data 29 de setembro de 1979, a favor dos veciños de Prado (Muiños). Encontrase dentro do Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés.

Que as 353,5 Ha. que pertencen os veciños de Prado, encontrase pobaldas de pino pinaster de diversas edades.

3°.- Que para realizar o estado de gastos e ingresos, teremos que calcula-los que afectan ós consorcios OR-2089, OR-3125, e OR-3126, e repartilos proporcionalmente á superficie pertencente a Prado.

1. Gastos e ingresos imputables ó consorcio OR-2089

a) Gastos.

Gastos por traballos realizados pola Administración forestal ata o ano 1979 inclusive.... 2.239.034 pts.

Subtotal A ..... 2.239.034 pts.

Gastos por traballos realizados pola Administración Forestal dende 1980 ata 1996 ambos -- inclusives ..... 26.587.416 pts.

Subtotal B ..... 26.587.416 pts.

B) Ingresos

Ingresos percibidos pola Admon. Forestal pola súa participación no consorcio ata 1979 in--- cluído ..... 270.809 pts.

Subtotal A ..... 270.809 pts.

Ingresos percibidos pola Admon. Forestal pola súa participación no consorcio dende 1980 ata 1996 ambos inclusives ..... 4.195.472 pts.

Subtotal B ..... 4.195.472 pts.

1.2 Gastos e ingresos imputables ó consorcio OR-3125

a) Gastos.

Gastos por traballos realizados pola Administración Forestal ata o ano 1979 inclu-- sive ..... 911.936 pts.

Subtotal A ..... 911.936 pts.

Gastos por traballos realizados pola Administración Forestal dende 1980 ata 1996 -- ambos inclusives..... 12.235.524 pts.

Subtotal B ..... 12.235.524 pts.

B) Ingresos.

Ingresos percibidos pola Admon. Forestal pola súa participación no consorcio ata 1979 incluido ..... 0 pts.

Subtotal A ..... 0 pts.

Ingresos percibidos pola Admón. forestal pola súa partipación no consorcio dende 1980 ata 1996 ambos inclusives ..... 3.018.528 pts.

Subtotal B ..... 3.018.528 pts.

1.3 Gastos e ingresos imputbale ó consorcio OR-3126

a) Gastos.

Gastos por traballos realizados pola Administración forestal ata o ano 1979 inclusive..... 533.887 pts.

Subtotal A ..... 533.887 pts.

Gastos por traballos realizados pola Administración Forestal dende 1980 ata 1996 ambos inclusives ..... 8.856.906 pts.

Subtotal B ..... 8.856.906 pts.

B) Ingresos.

Ingresos percibidos pola Admon. Forestal pola súa participación no consorcio ata 1979 incluído ..... 0 pts.

Subtotal A ..... 0 pts.

Ingresos percibidos pola Admón. Forestal
pola súa participación no consorcio ---
dende 1980 ata 1996 ambos inclusives.... 210.797 pts.
Subtotal B ..... 210.797 pts.

2. Gastos e ingresos imputables a Comunidade de Prado.

Conforme o establecido na disposición adicional segunda da lei 13/89 do 10 de outubro da Xunta de Galicia sobre montes veciñais en man común, non consideramos os subtotais A para a obtención do saldo correspondente.

A) Gastos

Gastos procedentes do consorcio OR-2089 imputables á Comunidade de Prado proporcionalmente a súa superficie $26.587.416 \times \frac{137,5}{164,0}$ .....22.291.279pts.

Gastos procedentes do consorcio OR-3125 imputables á Comunidade de Prado proporcionalmente a súa superficie $12.235.524 \times \frac{137,0}{137,0}$ .....12.235.524pts.

Gastos procedentes do consorcio OR-3126 imputables á Comunidade de Prado proporcionalmente a súa superficie $8.856.906 \times \frac{79}{179,5}$ ..... 3.898.025pts.

Subtotal ..... 38.424.828 pts.

Gastos de administración 7,85%s/38.424.828pts.3.016.349pts.
Gastos de gardería consorcio OR-2089 137,5 Ha.
x 1515 pts/Ha. ..... 208.313pts.
Gastos de gardería consorcio OR-3125 137 Ha. x
1300 pts/Ha. ..... 178.100pts.
Gastos de gardería consorcio OR-3126 79 Ha. x
1300 pts./Ha. ..... 102.700pts.
TOTAL .....41.930.290 pts

B) Ingresos

Ingresos procedentes do consorcio OR-2089 imputables á Comunidade de Prado proporcionamente a súa superficie $4.195.472 \times \frac{137,5}{164,0}$ ... 3.517.545 pts.

Ingresos procedentes do consorcio OR-3125 imputables á Comunidade de Prado proporcionalmente a súa superficie $3.018.528 \times \frac{137}{137}$ .... 3.018.528 pts.

Ingresos procedentes do consorcio OR.3126 imputables á Comunidade de Prado proporcionalmente a súa superficie $210.797 \times \frac{79}{179,5}$ .... 92.774 pts.

TOTAL ..... $\frac{6.628.847 \text{ Pts.}}{137}$

C) SALDO

O saldo a cargar na conta do novo convenio resulta da diferencia entre gastos e ingresos:

41.9830.290 - 6.628.847 = 35.301.443 pts.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Lavagudo e Abilleira.
Elenco: 32155113
Superficie: 353,5 Ha.
Pertenza: Prado.
Concello: Muiños
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Xuro sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo: 70%.
Participación da Consellería no voo: 30%.

Saldo inicial da conta de gastos: 35.301.443 ptas.

2°.- Que no sucesivo o consorcio "Lavagudo e Abilleira" OR-2089 teña as seguintes características:

Nome: Lavagudo e Abilleira
Elenco: OR-2089
Superficie: 26,5 Ha.
Pertenza: Albite
Concello: Muiños
A restar da súa conta de gastos: 22.291.279 pts.
A restar da súa conta de ingresos: 3.517.545 pts.

3°.- Que no sucesivo o consorcio "Penedo e Abilleira" OR-3125 quede extinguido.

4°.- Que no sucesivo o consorcio "Penedo Redondo" OR-3126 teña as seguintes características:

Nome: Penedo Redondo
Elenco: OR-3126
Superficie: 100,5 Ha.
Pertenza: Reparada e Albite
Concello: Muiños.
A restar da súa conta de gastos: 3.898.025 pts.
A restar da súa conta de ingresos: 92.774 pts.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 1997.

O SUBDIRECTOR ~~XERAL~~ DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.

V°B°

O DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Visto o expediente de tansformación dos consorcios dos montes "Lavagudo e Abilleira" OR-2089 e OR-3125 (Que queda extinguido) e "Penedo Redondo" OR-3126, nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Ganderia e Montes e a comunidade de Prado, concello de Muiños, propietaria do monte "Lavagudo e Abilleira " quedando integradas no Convenio 137,5 Has. do Consorcio OR-2089, 137 Has do OR-3125 e 79 Has. do OR-3126 de 353,5 Has. e a vista dos informes, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Produción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbeto da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL - CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Asdo.: Mª José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1°.- Que se aprobe o Convenio coas seguintes características.

Nome: Lavagudo e Abilleira.
Elenco: 321/55113
Superficie: 353,5 Has.
Pertenza: Prado.
Termo municipal: Muiños.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Xuro/anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial na conta de gastos: 35.301.443.-Ptas.
Saldo inicial na conta de ingresos: 0 Ptas.

2°.- Que no sucesivo o consorcio "Lavagudo e Abilleira" OR-2089 teña as seguintes características:

Nome: Lavagudo e Abilleira
Elenco: OR-2089
Superficie: 26,5 Ha.
Pertenza: Albite
Concello: Muiños.

A restar da súa conta de gastos: 22.291.279 pts.
A restar da súa conta de ingresos: 3.517.545 pts.

3°.- Que no sucesivo o consorcio "Lavagudo e Abilleira" OR-3125 quede extinguido.

4°.- Que no sucesivo o consorcio "Penedo Redondo" OR-3126 teña as seguintes cracterísticas:

Nome: Penedo Redondo
Elenco: OR-3126
Superficie: 100,5 Ha.
Pertenza: Reparada y Albite.
Concello: Muiños.
A restar da súa conta de gastos: 3.898.025 pts.
A restar da súa conta de ingresos: 92.774 pts.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 1997.
O CONSELLEIRO,
P/D
O SECRETARIO XERAL;

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13/12/93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

C O N V E N I O

N.º	321	55113

En Santiago de Compostela, a ..... de ..... de mil novecentos noventa e ..... .

R E U N I D O S

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación de ....., Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ; Orde do 13-12-1.993

Da outra, D. ANTONIO DOMINGUEZ RUIZ ....., como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común LAVAGUDO, ABILLEIRA, IGLESIA VELLA, RIVELA ARMADIÑO. ....., segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 1.955 Y 1.965 ..... para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento da arborado preexistente ~~XXXX

Situación administrativa e legal: Afectado por tres consorcios (OR-2089), OR-3125 y OR-3126) Clarificado como vecinal en mano común con fecha 26-9-1.979

Límites:

N.: M.V.M.C. y fincas particulares de Prado.

S.: M.V.M.C. de Albite y finca particular " O SALGUEIRO ".

L.: M.V.M.C. de XERMADE Y FINCA PARTICULAR " O SALGUEIRO "

O.: M.V.M.C. de Reparada y M.V.M.C. de Albite.

Superficie: 353,5 Has.

Estado forestal: Toda la superficie está cubierta con pinos pinaster de diversas edades

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 353,5 Has

Sen vexetación arbórea:

Servidumes: Las habituales de paso.

3ª.— O chan continuará pertencendo a La Comunidad de Prado.

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (risquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: LAVAGUDO Y ABELLEIRA OR-2089 (137,5 Has), LAVAGUDO Y ABELLEIRA OR-3125 (137 has); PENEDO REDONDO OR-3126 (79) Has.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e daquela pertencentes ás propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá xxxx

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "LAVAGUDO Y ABILLEIRA; LAMELA; IGLESIA VELLA; RIBELA, ARNADIÑO" a favor dos vecinos de Prado, no Concello de MUIÑOS.

2.— Que, así mesmo, figura Don ANTONIO DOMÍNGUEZ RUIZ, e Don JOSÉ ANTONIO GARCÍA GAYOL, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica dende o 22 de xuño de 1996 ata 22 xuño 2000.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense, a 10 de marzo de 199 7.

OURENSE - XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Don JOSE ANTONIO GARCIA GAYOL, Secretario de Junta rectora del M.V.M.C. de PRADO.

C E R T I F I C O: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 7-2-1997 estando designado Don ANTONIO DOMINGUEZ RUIZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Prado

a siete de febrero de mil novecentos noventa e siete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: ANTONIO DOMINGUEZ RUIZ

Asdo.: JOSE ANTONIO GARCIA CAYOL

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL - CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA

Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,
O CONSELLEIRO,
P/P
O SECRETARIO XERAL,

XUNTA DE GALICIA - SECRETARÍA XERAL - CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Asdo. Antonio Luis Rosón Pérez.
(D. do 13/12/93)